



NORMAS DE RÉXIME INTERNO DA CASA DA XUVENTUDE DE FOZ

Artigo 1. *Ámbito*

O presente regulamento conterá as normas de funcionamento polas que debe de rexirse a Casa da Xuventude de Foz, sita na rúa Julia Minguillón, nº 7, Baixo, dependente da Delegación de Xuventude do Concello de Foz.

Artigo 2. *Obxectivos*

Os obxectivos da Casa da Xuventude de Foz son os seguintes:

- 2.1.- Proporcionar a mozos e mozas as infraestruturas e medios necesarios para disfrutar do seu ocio, do seu desenvolvemento, acadando valores e sentimentos de pertenza a un grupo, respecto, solidariedade e responsabilidade, nun ambiente de cooperación.
- 2.2.- Ofrecer á xuventude un espazo onde realizar actividades de formación, no que desenvolver habilidades, capacidades, fomentando a creatividade no desenvolvemento persoal e no tempo de lecer.
- 2.3.- Fomentar a participación activa de mozos e mozas, a través de actividades que resulten de interese para este colectivo, co fin de mellorar a súa calidade de vida.
- 2.4.- Impulsar o traballo en colaboración con outros colectivos de mozos e mozas doutras vilas, así como outros colectivos que favorezan o desenvolvemento persoal dos/as mesmos/as.
- 2.5.- Crear hábitos e canles de participación coa base do diálogo, para que os mozos e mozas adapten o seu espazo ás súas necesidades e participen na elaboración da programación anual da Delegación de Xuventude.



2.6.- Fomentar o uso das novas tecnoloxías, o seu coñecemento e o aproveitamento das mesmas para mellorar a calidade de vida.

Artigo 3.

As instalacións da Casa da Xuventude de Foz están habilitadas para que todas as mozas e mozos disfruten delas, dentro dun comportamento de mutuo respecto e coidado permanente.

Artigo 4.

O mal uso e abuso das instalacións poderá ocasionar medidas e sancións disciplinarias, en beneficio do colectivo xuvenil e do correcto aproveitamento da Casa da Xuventude.

Artigo 5. Instalacións

As instalacións da Casa da Xuventude de Foz están a disposición da poboación xuvenil de Foz, e son as seguintes: Aula de Lectura, Oficina de Información Xuvenil e Deportes, Espazo de Ocio, Aula de Formación, Aula Multimedia e Recepción.

5.1.- Aula de Lectura: está destinado a ofrecer aos mozos e mozas un espazo para a lectura, a elaboración de traballos escolares,... Tamén poden disfrutar de xogos de mesa (trivial, intelect, xadrez, oca, parchís, sudoku), así como ler a prensa diariamente ou revistas xuvenís. Os libros, cd's e dvd's que se atopan nesta Aula están sometidos a réxime de consulta, polo que as persoas que o desexen poden consultalos na Aula.



5.2.- Oficina de Información Xuvenil e Deportes: está destinado á poboación xuvenil en xeral e a súa principal función é proporcionar información a xóvenes de forma presencial, electrónica ou telefónica sobre temas de interese xuvenil ou deportivo. Así como asesorar e proporcionar información a asociacións xuvenís e deportivas.

Esta información elaborará unha programación de actividades de interese para a xuventude e coordinará as actividades que se realicen nas instalacións da Casa da Xuventude.

5.3.- Espazo de ocio: destinada ao tempo de lecer da xuventude. Na que se dispón de billar, ping-pong e 8 ordenadores con conexión a internet, unha impresora conectada e en rede e un scanner.

Neste espazo búscase a interacción entre os/as mozos/as, usando o ocio como ferramenta de achegamento social. Así como a formación a través de internet.

As persoas encargadas da Casa da Xuventude velarán pola boa utilización dos recursos do espazo de ocio.

O uso do ping-pong e o billar non excederá dos 30 minutos. Se non existe demanda poderán seguir usando este xogos por un tempo maior ata que sexa requerido por outra persoa.

O uso dos ordenadores non excederá dos 60 minutos. Se non existe demanda poderán seguir sendo usados ata que non sexa requeridos por outra persoa.

Para imprimir ou escanear algunha imaxe ou texto, débese avisar ás responsables das instalacións.

Tanto os ordenadores coma a impresora e o escáner forman parte do Programa Internet Rural e, polo tanto, dependen do Convenio suscrito coa Deputación Provincial. A central da wifi que controla os pc's está ubicada dentro da Aula Multimedia.

As impresións que se realicen será abonadas segundo os seguintes importes: ____

5.4.-Aula de Formación: destinada á celebración de reunións, cursos, charlas,... É un lugar idóneo para que asociacións de mozos/as se reúnan, de non dispor de sede onde



facelo. A aula poderá reservarse por estas asociacións solicitándoo por escrito cunha antelación mínima de 7 días hábiles antes da data de celebración e baixo a responsabilidade dunha persoa en particular, e enumerando os materiais necesarios para utilizar. O horario de celebración de actividades non poderá exceder do horario de apertura das instalacións. Excepcionalmente poderá excederse en 1 hora, solicitándoo no escrito de petición e argumentando as razóns. En calquera caso, as actividades programadas polo Concello de Foz terán preferencia á hora de solicitar dita Aula.

A Aula deberá quedar ordenada e limpa, tal e como se recibiu antes do seu uso.

5.5.- Aula Multimedia: (Telecentro da Comunicación) dotada pola Secretaría Xeral da Comunicación da Consellería da Presidencia da Xunta de Galicia, e regulada baixo convenio asinado a 9 de xuño de 2007. Dispón de 80 m² co seguinte equipamento:

- 20 postos informáticos con CPU PIV, lector de DNI electrónico, DVD, Monitor TFT de 17", Headset con micrófono e control de volume Windows XP e Paquete software ofimático e multimedia
- 1 posto de profesor con CPU PIV, Lector de DNI electrónico, DVD gravador, Monitor TFT de 17", Headset con micrófono e control de volume, Windows XP e Paquete software ofimático e multimedia
- Impresora láser color
- Proxector con pantalla de proxección motorizada
- Pantalla de plasma de 42"
- Rack Multimedia con:
 - Mesa de misturas de audio
 - Amplificador
 - DVD-RW con TDT
 - Videoconferencia



- Micrófonos de mesa e inalámbricos
- Altavoces
- 2 cámaras motorizadas
- Pantalla táctil para control audiovisual e de luces
- Rede Wifi

Esta Aula estará supervisada por unha responsable que se ocupará das instalacións e da comunicación co Centro Multimedia de Galicia. As actividades a desenvolver nesta Aula serán comunicadas ao Centro Multimedia de Galicia e só poderán ser supervisadas e controladas pola persoa responsable. Está destinada á realización de cursos, especialmente para aqueles de promoción e desenvolvemento das novas tecnoloxías.

Esta Aula poderá ser solicitada para impartir cursos por asociacións, realizando unha petición por escrito con 15 días de antelación e a cesión da Aula deberá ser supervisada polo Centro Multimedia de Galicia e a Delegación de Xuventude. A persoa responsable da Aula deberá supervisar a utilización das instalacións e preparar as mesmas para os cursos. Así mesmo, ocuparase dos posibles problemas que acontezan. Só poderá realizar modificacións nas configuracións dos equipos a persoa responsable, quen deberá comunicarllo ao Centro Multimedia de Galicia.

O horario de celebración de cursos non poderá exceder do horario de apertura das instalacións. Excepcionalmente poderá excederse en 1 hora, solicitándoo no escrito de petición e argumentando as razóns. En calquera caso, as actividades programadas polo Concello de Foz terán preferencia á hora de solicitar dita Aula.

5.6.- Recepción: este espazo está destinado a ser un nexa entre os diferentes lugares da Casa da Xuventude e para resolver as dúbidas que se requiran en calquera momento por parte dos/as usuarios/as, así como velar polo bo ambiente e o cumprimento das normas.



5.7.-Aseos: están habilitados dous aseos: un para homes e outro para mulleres, con dispositivos para persoas con discapacidade, cumprindo coa regulamentación ao respecto.

Artigo 6. Idades

As idades permitidas para o uso da Casa da Xuventude están comprendidas entre os 12 e os 35 anos, inclusive. No caso de persoas de idade inferior a 12 anos só poderán acudir esporadicamente e baixo a responsabilidade dunha persoa usuaria do centro. Os/as menores desta idade non poderán facer uso das instalacións e só poderán estar acompañando a persoas usuarias. No caso de persoas maiores de 35 anos só poderán acudir como acompañantes esporádicos de usuarios/as, pero tampouco poderán facer uso das instalacións.

Artigo 7.

A marxe das idades (12 a 35 anos) comprende o uso de todas as instalacións da Casa da Xuventude. Para actividades específicas externas ou internas (cursos, charlas, talleres, ...) poderán participar persoas doutras idades, sempre determinadas en cada actividade.

Artigo 8. Horario

O horario de Atención ao Público estará determinado pola Delegación de Xuventude do Concello de Foz. Poderá verse modificado segundo as necesidades que se poidan observar desde a Delegación de Xuventude.

Artigo 9.



A Casa da Xuventude poderá pechar ao Público no caso de que algunha actividade puntual necesite para o seu desenvolvemento nestas instalacións. Esta circunstancia deberá ser notificada aos usuarios e usuarias con 7 días de antelación.

Artigo 10.

Os turnos de utilización de xogos e ordenadores estarán establecidos sempre en función da demanda por parte dos/as usuarios/as.

Así a utilización dos xogos (billar, ping-pong) terá un tempo de 30 minutos e os ordenadores de 60 minutos. Sempre suxeitos a modificacións segundo demanda de usuarios/as.

En cada un dos postos informáticos o/a usuario/a deberá anotar os seus datos cando comece a utilizar o equipo para poder comprobar o seu tempo de uso.

O tempo de uso dos xogos de mesa da Aula de Lectura será dun máximo de 60 minutos, podendo aumentarse sempre que o xogo utilizado non sexa demandado por outra usuaria/o.

O tempo de consulta dos libros, cd's, dvd's e revistas terá un tempo de 60 minutos, sometido á demanda por parte doutros/as usuarios/as.

Artigo 11.

Para poder facer uso das instalacións da Casa da Xuventude será imprescindible cumprir cos trámites administrativos. O/a interesado/a deberá facerse socios/a aportando os seus datos persoais: nome e apelidos, dirección, teléfono, correo electrónico, data de nacemento, así como facilitar unha copia do seu DNI ou Tarxeta de Residencia e unha fotografía tamaño carné.



Artigo 12. *Deberes dos/as usuarios/as*

A Delegación de Xuventude prevé uns deberes para garantir un clima de convivencia e respecto axeitado para o disfrute das instalacións da Casa da Xuventude. O cumprimento destes deberes será revisado e avaliado de forma periódica pola Delegación de Xuventude e poderán verse sometidos a modificacións segundo as necesidades detectadas.

Son deberes das usuarias/os:

- a) Coidar e facer un uso correcto das instalacións e do material da Casa da Xuventude
- b) Tratar de forma respectuosa aos usuarios/as e responsables da Casa da Xuventude, dentro das instalacións e en calquera das actividades que se xere tanto interna como externamente.
- c) Avisar con antelación e xustificar a falta de asistencia a unha actividade. A non asistencia a unha actividade sen previo aviso e xustificación suporá a perda do importe (se o houbera) de dita actividade.
- d) Cumprir os trámites administrativos (facerse socio/a) para disfrutar do uso das instalacións ou equipos, xogos de mesa, ordenadores, mobiliario, xogos, materiais didácticos,
- e) Abonar as cantidades de talleres, actividades, cursos, charlas, ... no caso de que teñan importe algún. No caso de que calquera usuario/a deixe de asistir a algunha actividade sen previo aviso nin causa xustificada, perderá a totalidade do importe da actividade.
- f) Cumprir cos turnos que correspondan nos xogos e uso das instalacións.
- g) Coidar dos utensilios persoais (mochilas, cascos, roupa, ...), posto que a Delegación de Xuventude non se fará responsable da súa perda, extravío, substracción ou desperfecto.



- h) Abonar as cantidades establecidas de impresións a cor e en branco e negro, excepto cando estean incluídas nunha actividade formativa organizada.
- i) Advertir aos/ás responsables da Casa da Xuventude sobre calquera desperfecto ou dano observado nun equipo, xogo, mobiliario, instalacións, ... Calquera dano ou desperfecto supoñerá o aboamento do mesmo por parte dos/as usuarios/as implicados/as.

Artigo 13. *Dereitos das/os usuarias/os*

Dentro do marco de atención e información da Delegación de Xuventude cara os/as mozos/as, é necesaria a potenciación de dereitos das persoas usuarias da Casa da Xuventude, que se resumen nos seguintes puntos:

- a) Dispoñer de xogos, equipos, libros, ... e instalacións en xeral propias da Casa da Xuventude, nos horarios e condicións establecidas.
- b) Acceder á información en todas as súas formas e modalidades a través dos medios e recursos dos que dispón a Casa da Xuventude
- c) Ser tratado/a de forma respectuosa, tanto polo resto de usuarios/as como dos/as responsables da Casa da Xuventude.
- d) Participar en todas as actividades previstas na Casa da Xuventude, sempre e cando se cumpran as condicións regulamentarias e non existan sancións pendentes.
- e) Propoñer ideas, proxectos e actividades que redunden no beneficio do colectivo xuvenil e de todas as persoas usuarias da Casa da Xuventude como unha liña de comunicación permanente de escoita e desenvolvemento da xuventude dentro do ámbito municipal.
- f) Formar parte activa das Asociacións, Consello da Xuventude ou equipos que se poidan crear no marco da Casa da Xuventude.



Artigo 14. Prohibicións

As prohibicións están suxeitas aos parámetros legislativos e regulamentos que sustentan os Centros Xuvenís con este perfil e cuxos obxectivos son semellantes aos da Casa da Xuventude, sempre en conformidade coa promoción da xuventude e o respecto polos seus dereitos. O seu incumprimento pode acarrear sancións, que serán impostas de acordo coas circunstancias e condicións nas que se sucedan os feitos, así como ao historial que para tales efectos poidan ter as persoas usuarias, e suxeitas ao Regulamento Interno nos seus artigos sobre os tipos de sancións.

Artigo 15.

De acordo coas disposicións anteriormente descritas queda prohibido:

- a) Acceder ás instalacións sen terse feito socio/a facilitando os datos persoais a calquera dos/as responsables da Casa da Xuventude.
- b) Fumar en calquera dos espazos da Casa da Xuventude.
- c) Inxerir bebidas alcohólicas ou consumir sustancias estupefacientes en calquera dos espazos da Casa da Xuventude.
- d) Consumir alimentos e bebidas, excepto aquelas bebidas que se subministran na Casa da Xuventude.
- e) Colocar carteis, facer debuxos, ensuciar ou pintar paredes.
- f) Instigar á violencia, ao racismo, á homofobia, ...
- g) Visualizar contidos en internet de contido pornográficos, xenófobo, violento ou racista.
- h) Utilizar materiais que sexan susceptibles de autorización sen avisar aos/ás responsables da Casa da Xuventude.
- i) Acceder con bicicletas, motocicletas, ciclomotores, patíns, patinetes ou similares montados neles.



- j) Acceder con animais, excepto aquelas persoas que os necesiten para realizar actividades cotiás, como é o caso dos/as invidentes.
- k) Ensuciar as instalacións de forma intencionada, evidenciando o descoido pronunciado ou un acto con alevosía.

Artigo 16. *Medidas disciplinarias e sancións*

Consideraranse Faltas leves os seguintes comportamentos:

- a) A actitude agresiva ou pouco respectuosa coas demais persoas usuarias ou co persoal responsable da Casa da Xuventude.
- b) Non coidar axeitadamente as instalacións e o material:
 - b.1.- Sentarse sobre as mesas de ping-pong e billar
 - b.2.- Pisar as mesas ou as cadeiras
 - b.3.- Xogar con materiais con fins diferentes aos previstos para o seu uso
 - b.4.- Raiar ou pintar paredes, piso, columnas, materiais ou equipos que non impliquen a perda parcial ou total da zona ou elemento afectado (ex: marcar un nome que poida borrarse nun escritorio, ...)
 - b.5.- Lanzar con alevosía as bolas do billar ou do ping-pong contra o piso ou a parede ou a calquera persoa presente
- c) Estar baixo os efectos do alcohol ou outras sustancias que vulneren o correcto comportamento dentro das instalacións
- d) Pasar ao interior de Recepción ou do Despacho de Información Xuvenil ou coller calquera material sen autorización dalgún/ha responsable
- e) Correr ou berrar chamando a atención das persoas presentes de forma negativa e intimidatoria
- f) Non seguir as indicacións dos/as responsables da Casa da Xuventude
- g) As faltas leves determinarán o apercibimento á persoa usuaria para que desista da súa actitude e a restitución dos materiais ao seu estado orixinal. A



acumulación de 3 faltas leves conlevarán, segundo o caso, a retirada temporal do carné de usuario/a.

Consideraranse Faltas Graves conlevarán sancións específicas:

- a) Agresión verbal entre persoas usuarias: intentarase chegar a acordo verbal entre os/as afectados/as cos/as responsables da Casa da Xuventude. En caso de non chegar a un acordo, expulsarase ás persoas implicadas durante quince (15) días.
- b) Agresión física entre persoas usuarias: intentarase chegar a acordo verbal entre os/as afectados/as cos/as responsables da Casa da Xuventude. Segundo a gravidade das lesións denunciaranse os feitos antes as autoridades. A falta de acordo conlevará a expulsión das persoas implicadas por un período non inferior a un (1) mes.
- c) Perda, dano responsable ou substracción intencional: obrigarase a repoñer o material. No caso de non chegar a acordo cos/as implicados/as, serán expulsados/as ata a reposición do material.
- d) Agresión verbal a responsables: conlevará a expulsión por un período non inferior a (15) días. A reiteración desta falta acarreará a expulsión definitiva.
- e) Agresión física a responsables: conlevará a expulsión indefinida. Segundo a gravidade das lesións denunciaranse os feitos antes as autoridades.
- f) Inxerir bebidas alcohólicas, fumar ou consumir sustancias estupefacientes no interior da Casa da Xuventude: conlevará a expulsión un (1) mes. A reiteración desta falta provocará a expulsión indefinida.

Artigo 17. Responsables

Os/as responsables civís subsidiarios/as no caso dos/as menores de idade, serán os seus pais ou nais ou titores/as dos/as menores/as usuarios/as.



Artigo 18. Consello disciplinario

Estará composto pola concelleira/o de Xuventude, e as persoas responsables da Casa da Xuventude. A súa función será a de propoñer as sancións disciplinarias ao alcalde-presidente do Concello de Foz, tanto as establecidas neste regulamento como as que puideran xurdir nun futuro.

Disposición Final

O presente regulamento entrará en vigor ao día seguinte da súa aprobación e permanecerá vixente ata a súa modificación ou derogación expresa.

Aprobado polo Concello Pleno en sesión celebrada en data 25 de outubro de 2007